

## Medidas en **TODA GALICIA** a partir do **27/01/2021**

### Galicia perimetrada

+

#### **Non se pode entrar/saír de cada un dos concellos agás:**

- Motivos sanitarios e coidado de persoas (menores, dependentes...)
- Obrigas laborais, institucionais e legais
- Asistencia educativa, realización de exames ou probas
- Retorno ao fogar
- Entidades financeiras, seguros ou estacións de servizo limítrofes
- Requirimentos de organismos públicos, xudiciais ou notariais
- Trámites inaprazables
- Coidado de hortas e animais
- Adquisición de bens esenciais no existentes no concello
- Tránsito ou forza maior

**Confinamento entre as 22:00-6:00** (agás motivos laborais, coidado dependentes... etc)

#### **Grupos SÓ CONVIVENTES agás:**

- persoas soas poden incorporarse a outra unidade de convivencia
- menores cos seus proxenitores
- parellas con domicilios diferentes
- asistencia persoas dependentes
- actividades laborais, institucionais, administrativas, educativas...

### **✗ SUSPENDIDO**

**-Festas, verbenas, eventos populares e atraccións**

**-Actividade e establecementos de espectáculos**

(cine, teatro, auditorios, touros, circos, deportivos, feiras, pirotecnias..)

**-Actividades e establecementos de recreo** (xogo: casinos, bingos, apostas; culturais e sociais: museos, bibliotecas, salas de conferencias e polivalentes, salas de concertos; deportivas: estadios, pavillóns, recintos, pistas patinaxe, ximnasia, piscinas de competición, piscinas recreativas (si para competicións ou entrenamentos de ámbito estatal ao 30% de capacidade); de lecer: parques atraccións, acuáticos, salóns recreativos, parques multilecer, salóns festas, discotecas, pubs, furanchos, lecer infantil; restauración: restaurantes, salóns, cafetarías, bares só para entrega a domicilio ata ás 24 horas...)

**-Albergues**

**- Centros zoolóxicos, botánicos, interpretación, aulas da natureza, casetas, rede galega de espazos protexidos**

**-Centros sociais, sociocomunitarios, clubs xubilados, etc → **ABERTOS centros de día e maiores, ocupacionais e casa do maior****

-Escolas oficiais idiomas, arte superior e deseño, conservación e restauración, arte dramático, conservatorios/escolas de música e danza (públicas/privadas), centros deporte, artes plásticas, deseño

☑ **RESTRICIÓN:**

- Actividade deportiva:** ao aire libre individual ou conviventes (**máscara obrigatoria**), suspendidas competicións deportivas autonómicas, competicións sen público, xogadores previo test serolóxico ou similar
- **Establecementos comerciais e de servizos:** aforo 50%, peche ás 18 horas (agás venta de alimentación bebida, tabaco, combustible, medicinas, argos ortopédicos, alimentación animal)
- Centros comerciais** aforo 30%, peche ás 18:00 + peche todo día en sábados, domingos e festivos.
- Mercadillos** 50%, os concellos establecerán o distanciamento entre postos
- Academias, autoescolas e centros privados ensino** aforo 50%, priorizar ensino telemático
- Hoteis e aloxamentos** (só para clientes desprazados por motivos xustificadas), zonas comúns 50%, piscinas e ximnasios pechados
- Velorios** 5 persoas (agás conviventes) 15 no exterior, comitiva 15 persoas
- Lugares de culto** 1/3 de capacidade garantindo a distancia de seguridade
- Casamentos e demais celebracións** só conviventes
- Caza/pesca** individual ou conviventes (caza do xabaril e lobo non suxeita a limitacións de mobilidade ou agrupacións)
- Parques infantís, biosaudables, zonas deportivas, pistas skate, espazos aire libre...** 1 persoa/4 metros cadrados
- Reunións laborais, institucionais, académicos** 30% capacidade, máximo de 30 persoas lugares pechados / 75 ao aire libre
- Servizos sanitarios** un acompañante por usuario para menores, dependentes ou xestantes
- Transportes públicos** totalidade dos asentos, 1/6 parte das prazas de pé, prohibido come/beber (traxectos menores 2 horas) e na medida do posible non conversar. Asentos en medios públicos deberán estar numerados, recoméndase anotar no billete o número de asento e gardalo 14 días. Taxis só conviventes
- Ensino universitario presencial** restablecerase o 8 de febreiro

A Fegamp recomenda a lectura íntegra das normas:

Decreto mobilidade → <https://bit.ly/3qW8rgF>

Orde restricións → <https://bit.ly/2YklbQI>